

irindia



REVISTA MENSUAL  
DE CRENTE GALEGOS  
ANO XXXIX  
Nº 1015  
De maio a xuño  
de 2020

Benia quen constrúe  
a paz!

POETA,  
ACTIVISTA,  
NARRADOR,  
INTELECTUAL,  
DOCENTE,  
FILÓLOGO,  
REFERENTE,  
COMPROMETIDO,  
ILUSTRADO,  
REPRESALIADO,  
GRAMÁTICO,  
GALEGO-PORTUGUÉS,  
POSTERGADO,  
EDITOR

Carvalho  
Calero  
A dignidade  
recoñecida

# A foto que fala

Os tendais sempre manifestan o que se está a vivir.



## O trasno

Daniel López Muñoz

### Hierofanías des-confinadas

(Hierofanía: palabra que vén do grego *hieros*, que significa “sagrado” e *phanein*, que significa “manifestar”. Os expertos en historia das relixións, como Mircea Eliade, crearon este termo para expresar a experiencia dunha manifestación do sagrado nunha realidade profana, do día a día, de andar pola casa, digamos, ou de andar polo monte, polo río, na ferverza, ao pé dun imponente penedo, baixo un ceo estrelado en agosto.)

E fíxose a Luz.

E as luces e as luciñas.

Revelóusenos o realmente sagrado.

As hierofanías estaban confinadas. Séculos de hibernación.

Había balbordo de máis, ce-o-dous de máis, acougo de menos.

No confinamento, as hierofanías, pillabanas, comezaron a brincar.

Desconfinadamente.

E o sagrado fíxose evidente no elemental, no obvio, no sinxelo.

No que a gran Babilonia negaba, agochaba, excluía.

No que os de sempre, aparentes vencedores, desprezaban.

Na comida que hai que producir,

no comunal que nos salva,

na rabiza que grela,

na leira acariñada,

na veciña da porta,

na man que cura,

na palabra que aloumiña,

na igualdade defendida

contra os de sempre.



Prioridades, axendas, estilos. Que é o importante, o escandaloso, o decisivo no medio dunha pandemia? Errar nos números e rectificar despois? Que os nenos poidan ir ao supermercado, e rectificar despois? Se se fai un escándalo de cada anécdota, vai haber tanto ruído que non se discutirá o fundamental. Por exemplo: o modelo de residencia de maiores. Outro, o virus recentralizador. Falemos hoxe do primeiro.

Os expertos din estes días que o “modelo” de grandes residencias privadas, sobredimensionadas para minimizar os custos, non é o máis acaído. Entre os centros con máis casos e mortalidade pola COVID-19 están os do grupo DomusVi: de Aldán, Barreiro-Vigo e San Lázaro. Esta empresa fíxose no seu momento coa propiedade de Geriatros, de Caixanova. Trátase dunha propiedade dun gran Fondo de Investimento, por máis que os seus ingresos sexan, por vía directa ou indirecta, fondos públicos que pagan dereitos: o de atención a grandes dependentes e o dereito a unha pensión.

Vólvese ao punto de partida. Para Galicia o máis acaído serían, disque, pequenas residencias comarcais -“coma as de Dinamarca” sinalan-, con vocación máis de servizo público ca de negocio, distribuídas polo territorio, próximas.

Esa rede comezaba en Galicia, a partir da Lei de servizos sociais de 2008, canda o bipartito. O organismo público chamábase Consorcio Galego de Igualdade e Benestar. Centros de día comarcais e mini-residencias en rede, públicas, cun sistema harmonizado de xestión. Estes días, por certo, comentouse que as residencias con menos incidencia da COVID-19, coma a de Ortigueira, por exemplo, eran as herdeiras do “modelo Consorcio”.

Pero o do Consorcio e o PP é un caso para analizar nas facultades de Políticas como exemplo de antipolítica pública ou, se cadra, de *emperrechamento público*. Había que destruílo. Venderon en campaña aquilo do “chiringuito do bipartito” e, xa no poder, matárono propagandisticamente varias veces. Pero seguiu vivindo, e segue vivo, porque era realmente unha boa solución. Gobernar é distinto de esbardallar.

O cambio da Xunta a partir de 2009 foi na dirección que agora se cuestiona. Entraron os grandes grupos privados no negocio dos “maiores”. A cousa podería funcionar, máis ou menos. Pero a privatización dos servizos que xestionan dereitos básicos debe implicar un sistema de inspección eficaz.

Se a metade dos mortos van ser internos en residencias de maiores, haberá que investigar. E se se fai algunha comisión de investigación parlamentaria, sería do máximo interese comprobar a evolución da Inspección de Servizos Sociais, revisar os criterios, as denuncias, as actas de inspección e os expedientes sancionadores incoados a estes grupos empresariais en xeral e ás residencias máis afectadas en particular.

**Se se fai un escándalo de cada anécdota, vai haber tanto ruído que non se discutirá o fundamental**

# Amiguiños si...

Carlos Vázquez González

## “Menos mal que nos queda Portugal”

Ao dicir dos expertos, o Camiño de Santiago fomentou desde a Idade media o intercambio cultural, peza importante na construción dunha conciencia colectiva europea, que chegou a concretarse nun proxecto político común do que hoxe participamos. Parece que o Camiño non perdeu esa virtualidade. O alcalde do Porto, Rui Moreira, ao valorar a colaboración con Galicia no proxecto do Xacobeo 2021, lanzou a idea de construír unha sorte de Benelux Ibérico. O «Iberolux», como el lle chamaría, concretaríase nunha estratexia común entre España e Portugal para levar adiante proxectos conxuntos, tanto na UE coma no ámbito internacional, especialmente no iberoamericano.

A idea de Rui Moreira pode parecer pouco substancial se consideramos que os acordos do Benelux (Bélxica, Holanda e Luxemburgo) eran relativos a unha estratexia de unión aduaneira, libre circulación de persoas, bens e servizos, xustiza común, tipo de cambio fixo para as tres moedas, etc. Acordos coma estes xa están vixentes e moi mellorados entre España e Portugal por formaren parte da UE. Porén, a proposta de Rui Moreira pode resultar ben frutuosa se esa estratexia luso-española se concreta en alianzas destinadas a crear un espazo económico propio, unha política común dentro da UE e con Iberoamérica e, sobre todo, a construír unha «identidade ibérica» que sirva de base e prepare unha unión política maior no futuro.

Sería como empezar a camiñar no proxecto iberista que, fronte ao absolutismo, imaxinaron os liberais españois e portugueses na metade do século XIX, que defenderon moi notables personalidades dos dous países e que se viu truncado polas ditaduras de Salazar e Franco no pasado século.

Unha «identidade ibérica» traería beneficiosos intercambios e construcións culturais e políticas comúns que terían a virtualidade de superar, por elevación intelectual e madurez emocional, aqueles vellos nacionalismos patrioteiros, estreitos e reaccionarios, que só conducen á melancolía. Unha identidade e unha conciencia ibéricas son imprescindibles para ir alén e xogar con maior peso en Europa e nun mundo globalizado e, sobre todo,

para que a cidadanía luso-española dea articulado a súa propia utopía, que podería ser unha esperanzadora «República Confederada Ibérica». Utopía

que, por difícil que sexa, é posible e sempre necesaria. Non quimera, que, por fermosa que pareza, sería ilusoria e imposible. Desde as diversas patrias étnicas construír unha patria ética. Velaí un reto.



**Unha «identidade ibérica»  
tería a virtualidade de  
superar vellos nacionalismos  
patrioteiros que só conducen  
á melancolía.**

# A vaquiña polo que vale

Pedro Pedrouzo Devesa

## Econovirus

O virus chegou para lembrarnos que somos unha praga. Con ese apetito insaciable que demostramos consumindo recursos a maior velocidade da que se xeran, sometemos o planeta a unha lenta pero continua destrución, así que... imos ter que formatearnos.

Ninguén sabe como sairemos desta pandemia, e mentres nos afanamos en demostrar que os feitos nos dan a razón e que os outros son os culpables, corremos o risco de non aprender nada e seguir fortalecendo a deriva política frontista na que nos instalamos hai ben tempo.

Todo apunta a que unha gran parte do discurso ecolóxico que antes viamos coma un luxo, vaise converter en necesidade e afectará tanto á nosa forma de construír as vivendas e as cidades como á organización dos nosos espazos de traballo e de ocio.

Todos estamos comezando a repensar os nosos traballos en termos de teletraballo. O presencialismo, esencia laboral do noso país, está en franca retirada e é cada vez máis posible que nos centremos no traballo real que hai que facer e non no mero cumprimento asistencial. O traballo debe encamiñarse cara a darlles liberdade aos empregados para que fagan cando e como mellor poidan, sen ter que render acatamento ao mundo físico da oficina, e tamén axudando os traballadores que xa non son tan necesarios a reciclarse e volver de novo á actividade produtiva real... porque son necesarios.

Por outro lado, a recente aversión ao diñeiro físico vai legalizar moitas transaccións económicas e obrigar, por exemplo, as clínicas privadas a non cobrar en negro. E, de paso, as

froiteirías, os talleres e demais negocios, que acotío agradeceron cobrar en metálico e agora aceptan gratamente cobrar con calquera medio de pago dixital, transferencia, Bizum, tarxetas virtuais, etc.

De novo agradeceremos o mimo personalizado da froiteira ou da peixeira, valorándoo máis ca a impersoal atención do hipermercado, porque preferiremos facer os pedidos sen desprazamento físico, aínda que confiemos máis en quen imos coñecendo ca nunha marca.

Posiblemente, sobrevivan as actividades económicas realmente útiles, mentres que outras máis secundarias e asociadas á distinción e ao bo vivir perdan tirón. O realmente necesario ten que valer máis. Pero, nunca se sabe, a capacidade deste sistema para facerlle sentir a moita xente que é rica segue asombrándose.

Os empregados públicos, con razón, veremos un novo recorte económico. Temos que adaptarnos a unha sociedade que necesita a nosa actividade nos sectores esenciais do mundo académico, sanitario ou social, pero con demasiada frecuencia o único que facemos é enrocarnos nos nosos dereitos e non asumir a flexibilidade como elemento fundamental de calquera traballo, con máis razón se é un servizo público.

Pretender que os produtores de cultura sigan entregándonos a súa obra de forma gratuíta é tan abusivo como insostible. Se queremos un país con escritores e con información, haberá que comprar libros e pagar medios de información.

O coronavirus veunos lembrar que “moito quere o tolo e máis é quen llo dá”. Necesitamos repensar como podemos vivir no mundo con dignidade, sen pobreza e, a ser posible, sen perder a cabeza.

**Necesitamos repensar  
como podemos vivir  
no mundo**



# O peto do santo Antón




Cando criamos ter as respostas, mudáronos as preguntas. Foi o poeta uruguaio Mario Benedetti quen popularizou esta expresión hai ben anos. Ten algo de epitafio retranqueiro. Acae moi ben neste mundo que contempla apampado como tremen os alicerces que o sustentan.

Quizais a sociedade abra os ollos e descubra que xa viviamos confinados nunhas seguridades nada seguras, que hipotecaban a vida da xente baixo a ditadura da présa e do consumo: xamais tanto corremos sen saber cara a onde... dicía aquel. Confinados nun pensamento único que a través de redes e medios anula calquera orixinalidade ou alternativa. Somos un mundo adolescente. Os adolescentes queren ser todos distintos, pero visten todos igual. Son unha mina para o mercado. A clave do consumo, di Lipovetski, consiste en crear un mundo aburrido e vender novidades. Nada dá máis satisfacción ca algo novo que non se tiña. Nada crea tamén máis insatisfacción e hai que procurar logo outra novidade.

O confinamento ten tamén o seu aquel de espectáculo. Medo ao anonimato. Hai que berrar forte para dicir "Estou aquí, non me esquezades!" E así os balcóns das casas vólvense escenarios ocorrentes e ata vimos algún crego celebrar misa no teito dunha igrexa.

Pero hai outro confinamento horrible no mundo, provocado por esoutro do que escribín arriba. O confinamento no que viven millóns de persoas por causa da pobreza, da fame, da guerra. Milleiros de confinados nos campos de refuxiados. Pouco se falou deles. Seguen a morrer a milleiros e continúan as guerras en moitos países. Se isto non nos leva a volver os ollos cara a eles, pouco aprendemos.



O Papa Francisco foi voz profética. Temo que os gobernos, que andaban pelexando entre eles procurando máscaras de cara, prestasen atención.

*Aí vén o maio de frores cuberto...* O poema de Curros daba conta do confinamento dun pobo de pobres: *pra min non hai maio, ¡pra min sempre é inverno!...*

Cante o merlo e mude todo. E digamos como aquel pozo de luz, que foi Luz Pozo: **NON CULPEDES Ó AMOR!**

## O CARRABOXO por XOSÉ LEIS





## Tempos diferentes, tempos de cambios

Agardando moitas persoas a volver ao de antes, non á “normalidade”, ao de antes.

Vou escribir este “Peto”, desde unha óptica que vivo, que me apaixona e que é a miña profesión, o traballo social. Vouno ampliar aos servizos sociais porque creo e considero que traballamos de forma integral, e o traballo social é unha parte deses

servizos sociais. Cando defendamos a sanidade pública, a ensinanza pública, por favor, lembremos defender os servizos sociais públicos porque os servizos sociais intervimos e traballamos cando hai unha situación de

vulnerabilidade social, cando hai persoas en exclusión social, persoas en situación de dependencia, con discapacidade, con problemática de saúde mental, maiores, persoas con adiccións, persoas inmigrantes, emigrantes retornadas, solicitantes de asilo, minorías étnicas, menores en situación de desprotección ou desamparo, vítimas de violencia de xénero, familias sen ingresos económicos, persoas sen fogar..., cando hai persoas que precisan apoio e intervención.

Que atopamos agora mesmo? Que nestes tempos de pandemia, o confinamento, o día a día, non é o mesmo para todas as persoas, que as persoas que xa vivían en situación de exclusión, quedan máis excluídas e que a vulnerabilidade case pasa á fase de exclusión, e que as persoas, familias, que vivían ao día, con empregos precarios ou en economías somerxidas pasan a precisar dos servizos sociais e da nosa intervención. E todo se volve inmediato, e a resposta debe ser áxil, se hai un fogar con menores sen auga, sen luz, sen alimentos, sen ingresos, se hai unha persoa en situación de rúa que non ten onde confinarse, se hai persoas vivindo en chabolas que vivían da economía somerxida, se hai persoas maiores, soas e vulnerables que non teñen quen lles faga a compra... Non queremos caridade nin asistencialismo, queremos respostas de apoio, queremos intervir, queremos estudar a situación, valorala e atopar os recursos axeitados, sempre respectando a dignidade das persoas e sempre desde a intervención integral.

Atopamos que fixo falta aumentar as contratacións, porque facían falta traballadores e traballadoras sociais, porque xa estabamos nun servizo desbordado de por si, castigado de por si, sen apoios de por si... Hai quen di “Dan máis votos

as estradas e beirarrúas que a atención ás persoas vulnerables”; pero resulta que na crise somos ESENCIAIS. Esenciais os servizos sociais públicos e as entidades do terceiro sector, nun traballo coordinado, nunha labor de atención urxente, que non entende de horas nin datas, só de intervir na necesidade.

### Non queremos caridade nin asistencialismo, queremos respostas de apoi, queremos intervir

Tamén atopamos que hai concellos que dan a cara e apostan por dotar de recursos e medios os seus servizos sociais e entregarse na axuda. Non o atopamos na Xunta de Galicia, seguimos agardando...

Supostamente no 2020 sairían as oposición para o traballo social despois de 14 anos desde as últimas, creo que sobran palabras. Que se sigan privatizando residencias de maiores, de atención a persoas con discapacidade, axuda a domicilio, centros de atención a persoas en situación de dependencia, centros de menores... (despois xa nos lamentaremos, se nos dá tempo) e se as gafas dos privilexios nolo permiten.





O SLG e a FRUGA solicitaronlles aos concellos galegos o levantamento do peche dos **MERCADOS DE ALIMENTOS DE PROXIMIDADE** diante da emerxencia sanitaria, medida que, segundo din, contradí a normativa europea. Chaman a atención sobre a fortaleza dunha sociedade que conte con mercados nos que as labregas e os labregos vendan directamente a súa produción e destacan entre os beneficios: evitar aglomeracións e contaxios, mercar alimentos frescos, apoiar a economía local e a loita contra o cambio climático.



O Papa Francisco crea unha nova comisión de estudo do **DIACONADO FEMININO**. O pontífice propuxo “refacer” esta cuestión da man da Congregación para a Doutrina da Fe, composta por cinco homes e cinco mulleres, ningunha das cales participou na anterior comisión. Francisco afirmou no Sínodo para a Amazonía que “aínda non reparamos no que significa ser muller na Igrexa e quedamos só no funcional, mais o seu papel vai moito máis alá”.

Pola súa banda, varias persoas participantes en diversos grupos de consumo agroecolóxico en Galicia crearon un espazo na rede social Telegram para compartir cuestións que os afectan, sobre todo nestes tempos nos que están pechados os mercados de proximidade, prexudicando gravemente as canles curtas de comercialización e a soberanía alimentaria. Alí comparten dúbidas, inquedanzas, dificultades e tamén solucións, ferramentas e recursos. Son os **GRUPOS DE CONSUMO AGROECOLÓXICO GALIZA**.



Moitas entidades viñan reclamando a **RENDA BÁSICA UNIVERSAL**, entre elas o Colectivo pola RB da Coruña, quen solicita a súa implantación inmediata no Estado español, con carácter individual e incondicional, nunha contía suficiente para vivir dignamente e cunha duración como mínimo ata fin de ano. Ao tempo, o colectivo solicita a adhesión da Xunta e dos concellos galegos á petición dunha renda da que, polo que se coñece, farase efectiva no mes de maio.



**COLECTIVO  
RENDA BÁSICA  
A CORUÑA**



A cultura galega mobilízase durante o parón polo COVID-19 e promove a iniciativa **#NONNOSCANCELES** para evitar a suspensión polas administracións públicas e as empresas dos espectáculos ou servizos culturais contratados, propoñendo aprazalos ou adialos. O sector cultural dá traballo a milleiros de persoas e achega o 2 % do PIB galego. Mais, sobre todo, coida a cultura, que, como din, “tece as nosas vidas, as nosas emocións, a nosa identidade, o noso futuro”.



Tempo de **CAMPAÑAS** intensas nas redes sociais, desde a promovida por re.publico.es ,solicitando a convocatoria dun referendo sobre república ou monarquía, ata a de change.org, solicitando a transferencia dos cartos suízos do rei emérito á Sanidade, ou as que promoven a defensa dos dereitos nos tempos da pandemia (e ao saírmos dela). Coas súas limitacións, son outra maneira de pronunciarse.



Na revista **VINTE** elaboraron e comparten unha serie de catro capítulos duns quince minutos de duración cada un sobre a historia de Galicia nos anos 20; poden visualizarse na súa páxina web: <https://vinte.praza.gal>. O primeiro capítulo fai un repaso xeral á década e os seguintes dedícanse ás Irmandades da Fala, á literatura, ao teatro e ao cinema galegos.



*Dormir soñar morrer acaso  
agardar un encontro para se tornar caricia  
e bañarse nas ondas  
nas mesmas vivas augas da existencia  
sílabas delicadas ausencias repentinas  
a ser perder no reino do lamento:  
E ai Deus se virá cedo!*

**LUZ POZO GARZA,**

tecedora de letras. Finou no mes abril. Nacera 97 anos antes en Ribadeo e ao longo da súa vida foi profesora, escritora e crítica literaria. Cando ingresou na Academia Galega, fíxoo cun discurso sobre Rosalía, a que foi a primeira intervención na entidade en poesía.

## Entrevista con Afonso Vázquez Monxardín



*Afonso Vázquez Monxardín, catedrático de Lingua e Literatura Galega, académico correspondente e secretario da Fundación Otero Pedrayo é un gran coñecedor da Xeración Nós. Nesta entrevista fálanos da relación de Carvalho Calero con esta etapa brillante da nosa literatura, pero tamén dos distintos compromisos aos que estivo ligado o autor homenaxeado este ano co Día das Letras Galegas.*

**Por que merece Carvalho Calero este Día das Letras que tanto lle tardou en chegar?**

Eu creo que don Ricardo Carvalho Calero merece este recoñecemento porque é a persoa máis transcendente nos estudos de lingua e nos estudos de literatura do último século. E, desde logo, estamos perante un dos principais referentes da modernidade deses estudos.

**Cales son os eixos vitais de Carvalho Calero?**

A Ricardo Carvalho Calero hai que velo baixo varios prismas. Como sabemos, nace no ano 1910 e 1920 empeza

**Foi un home de múltiples compromisos**


a publicarse a revista *Nós*, cando el aínda era un neno. Xa de moi noviño entra en contacto con aquela xeración de persoas maiores ca el e empeza a traballar tanto a nivel de creación literaria, en primeiro lugar como poeta e despois como novelista: entre outras cousas, foi o autor da primeira grande novela galega da posguerra: *A xente da barreira*. Moitos anos máis tarde publi-

“Carvalho Calero foi a persoa máis importante nos estudos de lingua e literatura do último século”

cou *Scórpico*, a súa obra narrativa máis destacada. Ten tamén una faceta de crítico literario interesantísima e que iniciou moi pronto: cando ten 25 anos, por exemplo, publica na revista *Nós* unha reflexión sobre a que el chamaba a Xeración de Risco, que é Xeración Nós.

**Que relación tivo coa revista?**

Na revista *Nós* ten nin máis nin menos que 27 colaboracións, que é un número importantísimo tendo en conta que, como dixemos, era un neno cando cando apareceu esta publicación. Na revista ten seis artigos de reflexión sobre a literatura, un deles titulado “A poesía galega actual”, que publica con




21 anos. Ten outro sobre a poesía de Fermín Bouza Brey e despois outros, para min os máis importantes, coma esa reflexión nos últimos números de nós cando el ten 25 anos sobre a xeración de Risco. Ademais, ten once poemiñas de creación que publica desde os primeiros números case ata o final. E, por último, fai e recensións críticas

## A Historia da Literatura Galega contemporánea é unha obra monumental

de libros que van saíndo: de Eduardo Blanco Amor, Otero Pedrayo e outros autores. Con eses artigos é unha das persoas da súa xeración que máis contribúe a sistematizar xa a literatura galega.

**E outra das súas facetas é o labor docente, non si?**

Así é. Despois de ser represaliado comezou no colexio Fingoi de Lugo e máis tarde no Rosalía de Castro de Santiago. A partir do ano 1972 foi a primeira persoa que deu clases de Lingua e Literatura galegas na Uni-



versidade de Santiago. Alí formou as primeiras xeracións de profesorado especialista na nosa lingua.

**Sempre, polo tanto, traballando desde o compromiso.**

Si, a súa faceta de compromiso social sempre foi con el. Tamén desde moi noviño militou no Partido Galeguista. Despois da guerra, sufriu a represión porque fora militar do bando republicano, así que foi un home de múltiples compromisos. O último da súa vida, o compromiso que tiña coa lingua como autor da *Gramática elemental del gallego común* e da *Historia literatura galega contemporánea*.

**Que representou para o reintegracionismo?**

Nos últimos anos da súa vida foi a figura senlleira e identificadora deste movemento que defende a aproximación entre galego e portugués. Isto distanciouno un pouco de certos mundos culturais dos que antes estaba moi próximo, como grupo de Galaxia, o que non supón ningún demérito, nin moitísimo menos, na súa longa e intensísima traxectoria intelectual.

**Cal foi o seu lugar dentro da súa xeración?**

El é un home que, por idade, podiamos clasificar dentro da Xeración do Seminario de Estudos Galegos. Na etapa de preguerra é un mozo tremendamente activo, tanto no plano cultural coma no político. Trala guerra, nos anos 50, 60 e 70, dentro dese reparto que fan os do Grupo Galaxia, que é o motor cultural da época, se Paco del Riego é o que traballa no día a día da editorial, os temas de lingua e literatura quedan nas mans de Carvalho Calero. *A Historia da Literatura Galega Contemporánea* é unha obra

## Foi o elo entre a xeración da preguerra e o da democracia

monumental (fora a súa tese de doutoramento e despois publicada en libro a partir de 1963) e a *Gramática elemental del gallego común* foron as obras nas que a xeración seguinte recolleu o relevo da anterior. Así que el serviu de elo entre o mundo da preguerra e o do inicio da democracia.

## Norteaches a miña vida sen sabelo



No mes dos mangos en flor; na segunda lúa do 2019; no décimo mes da entrega da nosa xente pola Liberación de Nicaragua, pídenme que conte de Ernesto, que diga o que el significou e significa para min.

Mergúllome no meu corazón, fago unha inmersión interior e coa forza coa que agroman as herbas, medran as plantas e re-verdean as árbores, logo das primeiras choivas de maio... Hoxe danme papel e lapis para dicirche, dicirche todo o que teño no meu corazón e que tantas veces quedaba dentro.

Ernesto, lémoste nun tren, á noite. Un tren que corría de Madrid a Galicia. Era a pasaxe da multiplicación dos pans e os peixes. Eu non cría! Ah! Ti mo explicaches: solidariedade, compartir... Agora si que podo crer! Así si que entendo o que dicía Xesús.

Contigo e a túa comunidade de Solentiname, entendín e entendo a mensaxe do "Moreno"! Dese Amigo común que temos, buscamos e xa atopamos dentro, moi dentro! E contigo e grazas a ti, ao Espírito que palpita en ti, non se me apagou "a mecha que fumeга".

E logo, a seguir buscando onde fose esa mensaxe que nos enviabades desde Solentiname. Esa reflexión que cada día teciadades xuntos. E quixen ir, non sabía cando, *pero eu marcho a Nica-*

*ragua!* Voume cos que me alentaron e non deixaron apagar a mecha que fumegaba.

Ti, como auténtico sementador, transmitíasnos ese tesouro agochado, mergullado no teu corazón e que ceibabas a todos os irmáns e irmás, ao todo o mundo, ao planeta enteiro... Chegoume e salvoume. Perdía a fe, non me valía nada do que oía, Ernesto, nada do que me dicían ou compartían.

Á luz dunha candea, na montaña de Lugo, na miña terra galega, lin con inmenso gozo, admiración e envexa, a vosa vida en Solentiname! Esa experiencia humana na que destes entrada

### Á luz dunha candea, na montaña de Lugo, lin con inmenso gozo, a vosa vida en Solentiname

a todo vapor ao Espírito, ao de Xesús, e que aniñou no voso corazón, en toda a alma, en toda a mente e en todas as vosas forzas e... selaches a miña fe, Ernesto!

Hoxe si que me escoitas e a miña mirada pode atoparse coa túa, con calma. Algo tan desexado, tan esperado e que pensei que nunca chegaría.

Cóntame, Ernesto, o teu segredo. En que palpita sen acougo o teu corazón? E esa maxia que transmites, que tocou

a miña vida -e a de tantos e tantas- e fixo cambiar o rumbo, que intuía, pero agonizaba no meu corazón.

Que loita! Que Vida a túa! Namoroume a túa valentía.

A túa visión profunda, profética da vida cotiá do noso pobo, da dos seres humanos, da do Cosmos!

Que me tocou de ti, Ernesto? O teu amor ao Amigo, ao Compañeiro de todos, ao Amor!

O teu compromiso coa Vida, con seres humanos, coa xustiza, da que estabas namorado e presidía cada un dos teus amenceres e solpores. A túa capacidade de amar salpicou a miña vida, a túa

profundidade de pensamento, desenmascarando o opresor, denunciando sen medo e dándonos primicias sobre a ditadura.

Home de carne e óso. De Espírito e misterio. Home de vento e choiva. Home de luz e sombra. Home de humanidade plena! No teu nacer, vivir e morrer, eclosiona a VIDA; resucita a VIDA; eclosiona o UNIVERSO! Grazas, Ernesto. Quérote un montón!

# Utopía

## A pureza da boca

E todo se nos volve fugaz e transitorio  
 se esquecemos a luz  
 Se non vemos a luz como presaxio  
 a desvelar as sombras  
 Se non descubre a seducción dos labios  
 que son libres  
 A pureza da boca cando cala  
 A pureza da boca cando fala en gaélico  
 A pureza da boca cando canta un alalá  
 perdido  
 Os oficios humildes  
 madeiras de abeleira serradas nun alpendre  
 coa saudade da patria  
 cando nacen as xestas na harmonía do cosmos  
 e o *Celtic twilight* mesmo  
 que concede ó poeta tantos saberes feéricos

“As Arpas de Iwerddon”

Luz Pozo Garza

Lidia Campos Chan

## Carmen Touriño, na primeira liña contra o coronavirus



*Esta enfermidade vírica pillounos co pé cambiado, puxo moitas cousas patas arriba e deixou tamén, afortunadamente, ferrados de corazón por Galicia enteira, moi especialmente entre o persoal sanitario. Conversamos con Carmen Touriño Eirín, enfermeira vocacional, amiga e testemuña directa, en primeira liña, deste tsunami.*

### Quen vén sendo Carmen Touriño Eirín e a que se dedica?

Son Carmen, muller, nai e parella dunha muller excepcional. Son a maior de catro irmáns. Veño dunha familia tradicional, humilde, labrega, emigrada á cidade. Educáronme na importancia do esforzo e o traballo para acadar un porvir e na familia, baseada no coidado e o apoio mutuo entre os seus membros. Ía para veterinaria, pero as circunstancias fixeron que estudase enfermería. Foi un acerto. Son dese grupíño, quizás pequeno, de persoas que goza co seu traballo. Comecei traballando con anciáns; eles ensináronme moito desde a súa fragilidade. Logo traballei nun hospital psiquiátrico: canta cordura me transmitiron aqueles doentes! E despois foi a pediatría, onde a maioría dos nenos saían adiante arroupados principalmente pola fortaleza das súas nais. As miñas andanzas remataron no Servizo de Pneumoloxía, onde me pillou esta pandemia...

**Pneumoloxía? Iso debe cadrar no medio e medio do Covid-19...**

Pois si. Inicialmente acollemos os primeiros casos con serenidade, pero o empeoramento dun dos primeiros ingresados, coa falta de material e as noticias trágicas que chegaban desde Madrid, presaxiaban o peor. O primeiro paciente que morreu foi un home que viñera de Madrid para pasar uns días na nosa terra: o seu empeoramento foi fulminante.

**Tiven que xestionar o meu propio medo para non quedar paralizada**

Como fuches levando todo isto?

Con moito medo... O estar en primeira liña de actuación, o estar en contacto directo co virus... Os recursos eran os que tiñamos..., había escaseza, iso expoñíanos a unha alta probabilidade non só de contaxio senón tamén de transmitírllelo ás nosas familias, así

que eu decidín afastarme da miña..., afrontar isto nas mellores condicións. Ademais tiven que xestionar o meu propio medo para non quedar paralizada e facer o que correspondía, o que se esperaba de nós, que era o coidados que o necesitaban

**Que é o que máis te impactou de todo isto?**

Pois nada máis entrar no hospital, o que te sorprendía era o silencio... Os corredores baleiros e as portas dos cuartos pechadas. Encollíache o corazón. Pero aínda máis cando entrabas na habitación e respirabas esa soidade: ademais da enfermidade, ese estar só. Entrabamos de maneira fuxitiva, un entrar e saír para o indispensable. *E o único contacto que tiñan co exterior eran as noticias da TV, estatísticas de afectados e de mortos, cousas que realmente non facilitan a curación.*

**Era enfrentarse a unha doenza descoñecida e máis letal do que se dicía...**

Si... Moita incerteza... A información cambiaba dun día para o outro. Os pacientes recibían un diagnóstico descoñecido, non sabían que significaba "paciente covid-19 +", pero intuían que

nada bo os esperaba... Alí encerrados e separados do que eles entendían que era a súa salvación: a súa familia, os seus contactos... E o persoal, cando entraba, irrecoñecible, enfundado; os ollos, que é o que máis di dunha persoa, ocultos detrás dunhas lentes empanadas... E logo os últimos mo-

**Fixemos videochamadas ás familias cos nosos móbiles, poñiamos música polo interfono**

mentos de vida... Realmente é duro... Eles sentían esa soidade e seguramente sentían a soidade das súas familias, que desde as súas casas esperaban noticias... Esa situación de entrar nos últimos momentos da túa vida sen poder despedirte dos que queres ten que ser tremendo... Iso si que me custou moito asimilalo e xestionalo. E penso

que iso se podería corrixir, que aínda que eran momentos críticos con restrición total do contacto, hai situacións onde se debería aliviar a restrición.

**Isto cambia a perspectiva de calquera profesional...**

Pois realmente vas asimilando estas situacións e despois entrabas nas habitacións e do que tratabas é de que os pacientes recibisen boas noticias, non os titulares que escoitaban. Fixemos videochamadas ás familias cos nosos propios móbiles, puxémoslles música polo interfono... Detalles pequenos que seguramente axudaron. E os pacientes dannos leccións de vida. Teño moi presente un paciente con pluri-patoloxía, nunca se queixou! El dicía: "A queixa non me leva a nada, agora o que toca é loitar e tirar para diante!". E dis ti "Pero como me pode dicir isto un paciente illado, que tivo que estar boca abaixo para respirar mellor, cunhas gafas de alta presión?".

**E a súa familia?**

Nunca o puideron visitar. Só videochamadas con eles co noso móbil porque aquí hai moitos pacientes de 70, de 80 anos, sen móbil, ou sen móbil apto



# Ferrados de corazón

## Carmen Touriño, na primeira liña contra o coronavirus

para videochamadas, e o que faciamos era facilitar esa comunicación coa familia.

Tivemos tamén o caso doutro que non quería falar cos seus porque se daba por desafiuzado, porque non quería preocupalos, que a el xa lle chegara o momento; e tamén foi dado de alta!

### Que sensacións tes?

Solidariedade... É importantísima esa xente que co que tiña na casa se dedicase a confeccionarnos batas, gorros; rapaces que tiñan impresoras 3D facendo pantallas para protexernos. As doazóns da xente cando tiñamos falta de material... É de tanto agradecer sentímonos apoiados pola xente de fóra, da rúa... Eu non vivín esas situacións de veciños

deixando notas ameazantes, botándonos para fóra; todo o contrario. E

**Eu non vivín esas situacións de veciños deixando notas ameazantes..., todo o contrario**

fortaleza, a fortaleza dos pacientes. O feito de que cando un loita, pode... Pacientes maiores que estiveron nunha situación moi límite e que saíron adiante grazas á súa fortaleza psíquica. Esta raza de xente que xa non queda, loitadores natos, afeitos a aguantar e a ser duros. É para aprender deles!

### Que leccións debemos aprender?

Eu aprendín a valorar o que teño! Todo se pode perder nun tris. A valorar realmente o que tes. E, sobre todo, a loitar tamén polos demais. A nivel



comunitario hai que aprender esa solidariedade: xuntos podemos conseguir cousas; a colaboración... Hai cousas moito máis importantes ca o material, o económico... Somos ínfimos. A nosa fragilidade... Criamos que realmente podiamos controlalo todo, seres controladores de todo, e realmente somos insignificantes porque un bicho tan pequeno pode aniquilarnos en nada, somos insignificantes cando criamos que eramos a raza suprema.

### Como foi a actitude, o ambiente de traballo?

A nosa supervisora e o noso xefe de servizo son moi optimistas. Foron moi necesarias persoas así, sempre apoiándonos, sentíndose orgullosos do seu equipo. Traballo en equipo foi o que vin, o que vivín. Porque ao principio foi todo moi descoñecido, dicíannos que tentásemos entrar o menos posible nas habitacións, o mínimo contacto. Era tremendo, porque como iamos ser enfermeiras sen achegarnos aos pacientes? E eles alí encerrados, vendo unicamente persoas que estaban totalmente encapsuladas en plásticos... E

así e todo fómolo levando e moitos, a gran maioría, superárono.

### Cambiaremos?

Disque seremos distintos, que cambiaremos, e eu, aínda que teño a esperanza de que cambiemos, creo que cambiará a xente que xa iniciara un traballo de cambio, pero temos que cambiar como seres humanos, como persoas, e darlles máis importancia ás cousas básicas, ás relacións... Aínda o outro día estabamos na salina e pregunteille ás xeracións novas que estaban contratadas de reforzo –porque elas traballan co móbil na man!–: “Pero que andades tanto no móbil, que escribides tanto no móbil?” E dixéronme “É que Zara está de rebaixas, ofertas especiais, e ademais permítenche devolver 30 días despois de que abran as tendas!” “Pero que me estades a contar?! –quedei petrificada!– Pero non iamos cambiar, potenciar o comercio local, que a globalización non nos leva a nada... Pero que me estades a contar?” “Bueno, Carmen, iso non ten nada que ver...!”



# Un país coma un mundo

Felipe Arias Vilas

## DO VAL DO ANLLÓNS Á RÍA DE CORCUBIÓN E CEE

### Polo val do Anllóns

Cando poidamos, escollamos un día para viaxarmos polo NO da provincia da Coruña nun percorrido duns 110 km. Pola autovía A-55 ou ben pola estrada desde Santiago, chegamos a Carballo e, pasando a rentes de Buño, importante e histórico centro oleiro que nos ofrece o seu Ecomuseo Forno do Forte, e sen recalar desta vez na sempre agradable vila mariñeira de Malpica, seguiremos ata Ponteceso para facer, xusto ao entrarmos na vila, unha obrigada visita ao interesante Museo Etnolóxico de Galicia (MELGA), ideado e dirixido polo erudito e inque-do profesor Ricardo Pérez y Verdes, que nunha instalación modélica polo seu didactismo, cóntanos todo o que hai que saber da historia do xoguete (e mesmo do deporte lúdico), en particular para o ámbito galego.

Ponteceso foi berce do vate Eduardo Pondal e por iso non é casual que poetizara sobre o próximo e monumental Dolmen de Dombate, que hoxe conta cun centro de interpretación sobre este xacemento e sobre a etapa do Megalítico da Costa da Morte, que é moi numeroso e característico.

Case á beira de Dombate, podemos ver tamén o Castro de Borneiro, que esixe unha breve andaina para cruzar as súas murallas e ver a ampla coroa interior escavada desde hai anos, con moitas construcións á vista, case todas elas circulares.

Deixando á dereita os Penedos de Tra-ba e Paradela, que fan curiosas formas naturais que a mente popular alumou con nomes humanos e zoomorfos non menos curiosos, e tamén deixando para outra vez a ría de Camariñas, cruzaremos Baio, onde nos queda moi preto o singular conxunto etnográfico



Ecomuseo do Forte (Buño)



Museo MELGA (Ponteceso)

dos Batáns do Mosquetín e, cara ó sur, pasamos á beira do Castelo de Vimianzo, reconvertido en centro de información turística e artesá e tamén de celebracións lúdico-históricas.

### De Muxía á ría de Corcubión

A nosa seguinte parada, que podemos aproveitar para xantar, estará en Muxía, que esixe sempre unha visita ao Santuario da Virxe da Barca e ás sufridas Pedras de Abalar (a vela), dos Cadrís (o barco) e do Temón, impresionante sitio que moitas veces é noticia

# Un país coma un mundo

## DO VAL DO ANLLÓNS Á RÍA DE CORCUBIÓN E CEE



Castro de Borneiro

polas galernas e, algunha vez, tamén polas desfeitas do lume.

Moi preto de Muxía e seguindo cara ao sur, hai que apartar unha miguiña para deterse no que queda dun antigo mosteiro bieito, hoxe igrexa parroquial, de san Xiao de Moraime, erixido á carón dunha *villa* ou mansión romana e xermánica, que ten dado moitos restos, entre eles, unha curiosa fonte ornamental, un hipocausto -quizais dunhas termas- e moitos materiais arqueolóxicos. A monumental igrexa románica ten unhas altas naves interiores e unhas portas moi finamente decoradas con varios temas, algúns deles xacobeos porque entre Muxía e

Fisterra discorre a parte final do Camiño de Santiago, alén de Compostela e xa debuzado sobre o Atlántico.

Por esta zona, as vistas en toda a redonda xa merecen a pena, encamiñándonos cara a Corcubión, bonita vila declarada conxunto histórico pola súa arquitectura tradicional costeira (maiormente de galerías), e despois ata Cee, que ofrece a oportunidade dun breve paseo para visitar, se non é domingo, a moi interesante, orixinal e pioneira Colección pedagóxica 'Fernando Blanco de Lema', hoxe de dependencia municipal.



Moraime. Porta lateral

Edita: Asociación A. IRIMIA - Dende setembro de 1981

Mesa de redacción: Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tif. 986 10 49 45.

Colaboradores: Victorino Pérez Prieto, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilariño, Marta Sopeña, Tareixa Ledo Regal, Clodio González Pérez, Xabier Blanco, Valentina Formoso Gosende, Antonio Pinto Antón, Carmen Soto, Rubén Aramburu, Mariña Vidal, Xan Guillén, Christina Moreira, Carlos Vázquez G., Teresa Souto Loira, Josecho de la Torre Culler, Lucía Santiago Díaz, Baldomero Iglesias Dobarrio (Mero), Lois Ferradás, Xaquín Campo Freire, Nieves Espiñeira Medin, Francisco Almuíña, Alfonso Mascuñana, Antón Laxe, Ramón Díaz Raña, Olga Álvarez, Engracia Vidal Estévez, Manuel Arca e J.M. Barca López.

Corrección lingüística: Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

Recepción de artigos e colaboracións en: [revistairimia@asociacion-irimia.org](mailto:revistairimia@asociacion-irimia.org)

Subscripcións: Apdo. 296 - 15704 Santiago de Compostela.

Tel.: 615 464 095 / [subscripciones@asociacion-irimia.org](mailto:subscripciones@asociacion-irimia.org)

Ordinaria: 30 Euros, de Apoio: 45 Euros. Cota de socio: 3 Euros.

Para asuntos da asociación non relacionados coa revista: [asociacion-irimia@asociacion-irimia.org](mailto:asociacion-irimia@asociacion-irimia.org)

Conta: ABANCA ES63 2080 0349 8530 4000 5822

- Urbana, nº 8 - Santiago

Depósito Legal: C-1417-81

Tirada: 650 exemplares

Deseño e maquetación: TallerDD (Ninfa, Riveiro, Martínez)

ISSN: 2172-9182

Imprime: TÓRCULO Artes Gráficas

Distribúe: IMPACTA

Edición electrónica: <http://irimia.gal>

Feito en papel reciclado



Carvalho  
Calero  
A dignidade  
recoñecida

Actividade  
subvencionada  
pola



Deputación  
DA CORUÑA

## Entrevista: Celebramos nos Tilos

*Falamos con Marisa Vidal, que nos presenta unha iniciativa levada a cabo na parroquia dos Tilos (Ames) que mostra coma a imaxinación permite abrir novas vías nas celebracións para estes tempos de pandemia, e máis alá.*

### **Como xurdiu esta iniciativa? De onde partiu a idea?**

Pois foi todo un pouco imprevisto... Na parroquia hai anos que temos un grupo de reflexión coordinado por 6 persoas. Coa alerta sanitaria tivemos que suspender toda actividade parroquial. Alguén do grupo propuxo facer celebracións da palabra por Skype. Pero resultaba un pouco reducido, facer para “uns poucos” non parecía moi cristián, e ocorréuseme o do grupo de whatsapp. Tiñamos as celebracións que preparaban na UPA de Os Cotos cada domingo, e con iso nos lanzamos a empezar. Agora somos máis de 120 porque o grupo foise enchendo sobre todo con xentes de fóra da parroquia e con veciñas na diáspora.

### **E escollestes whatsapp?**

Ten a posibilidade de formar un grupo sen límite de participantes, e é unha app moi coñecida e usada. Gústame fronte ao vídeo porque democratiza: a todos nos une a fe, aínda que nos separen outros moitos condicionantes sociais. Únenos a fe, e máis nada. Tamén whatsapp ofrece a posibilidade de que todos teñamos voz e que ninguén se estenda moito nas intervencións. Cada persoa aporta dende a súa fe, porque a oración é unha experiencia interior. Non se trata de facer pensamento nin elaborar grandes discursos.

### **Como vos organizastes? Que papel xogou o cura e a comunidade parroquial?**

Todo xurdiu no grupo de reflexión, 6 persoas que xa tiñamos un grupo de whatsapp. Cando abrollou a idea incluímos tamén ao párroco, que é un máis. Cada celebración preparámola entre todos, para acabar buscando nós os materiais. O proceso é sinxelo: seguimos un esquema básico de celebración da palabra coas lecturas do día. Incorporamos oración variadas. De cada parte encárganse diferentes persoas que participan, que nos envían notas de voz que logo organizamos e imos subindo ao grupo aos poucos no momento da celebración. Tamén participa Adrián, o director do coro parroquial, que se encarga dos audios de cancións.



O aspecto celebrativo está moi coidado. Nos textos e cantos que eliximos, si, pero tamén no mimo con que nas casas preparan a mesa para a celebración e a expectación con que a esperan. É moi importante o feito de celebrar nas casas, en familia. Confinados, pero non separados, dándolle todo o sentido de comunidade ao partir e repartir un anaco de pan, un pouco de viño.

### **Que podemos sacar de positivo para unha organización parroquial?**

Isto é chegar a todas partes, porque todo o mundo ten un teléfono. É un bo xeito de encontro, e tamén é unha maneira de recobrar a celebración nas casas, de potenciar outros xeitos celebrativos que non sexan a misa.

Dáanos máis liberdade, sen depender dun templo, dun sacerdote, dun ritual,... e exploramos outras formas de oración e celebración. Fai falla reinventarnos como segres, explorar formas novas de ser crentes orantes. A min, persoalmente, axúdame moito todo o que de espiritualidade e celebracións aprendín coas Mulleres Cristiás Galegas Exeria.

### **Unha experiencia parroquial, mais que rompe o marco físico da parroquia?**

A parroquia estase fortalecendo. Oes ler a xente que nunca subiu ao ambón: nenos e nenas que na misa non se atreven aquí, apoiados polas súas nais e pais, lánzanse a ler. Tamén hai xente moza, á que lle costa atopar un grupo de referencia, e que participa e comparte con nós a súa experiencia orante. E xente maior, que ás veces ten dificultades no manexo do teléfono pero persevera...

Todos nos sentimos parte de algo. Non sei se chamarlle parroquia porque ese nome ten unhas connotacións territoriais que aquí para nada se teñen en conta. Este proxecto rompe os marcos do parroquial, convértea nunha realidade non territorial.

### **Que estades a aprender desta experiencia?**

Eu penso que nos dou moito empoderamento ao grupo organizador, como segres organizados que se atreven a preparar oracións desde outras claves.

Aprendemos a usar as nosas casas como lugares de culto. Creo que é un paso revolucionario, unha volta ás orixes.



# Falando da lingua

Lidia e Valentina

## Xa estaba todo dito!

Témonos gabado moitas veces de que no noso refraneiro popular sempre atopabamos a frase perfecta, o dito perfecto para cada momento, que os vellos, e sexa dito “vellos” con todo o respecto!, tiñan sempre a sentenza perfecta para cada situación. Pero... vós sabiades que isto dos ditos xa vén de antes dos nosos velliños? Estes días, polo confinamento e as circunstancias da vida, estivemos a reler o “Libro dos Proverbios” do *Antigo Testamento* e resulta que aí xa estaba todo dito! Debe ser a fonte primeira da que bebe o noso refraneiro! Tal e como se di na introdución, “Cada refrán supón o milagre da descuberta das palabras xustas nas que formular para sempre”. Son os proverbios de Salomón, fillo de David, rei de Israel...

para aprender sabedoría e boas maneiras,  
para comprender ditos intelixentes,  
para adquirir doutrina asisada,  
o dereito, xustiza e boa lei,  
para darlle ao inexperto, habilidade,  
e ao rapaz novo, ciencia e discernimento.

Así puidemos recordar que “hai quen é xeneroso e se fai máis rico; hai quen aforra de máis e vive na miseria”. E

que razón ten! Neste tempo que estamos a vivir cadra ben reflexionar sobre este dito e tamén sobre outros que xa alí estaban e que, ao botarmos o día e mais a noite nas casas, se cadra cobran aínda máis sentido: “Mellor é a codia seca con paz ca a casa farta de matanzas e discordia” ou “Mais vale cunca de grelos con cariño ca xato cebado con xenreira”. E tamén se pode ler aquel que dicía: “Mellor é habitar nun recuncho do faiado ca con muller rifante en casa grande”! Reflicte ben que a sociedade patriarcal leva moitos anos asentada, pero -apartando a tintura machista- di unha grande verdade, e acae o mesmo dicir “home” no sitio de “muller”.

O da “letra con sangue entra” non é admisible nin xustificable de ningún xeito e só conseguiu xeracións de xente miúda que se declarou a si mesma inimiga das letras para sempre. Pero tampouco iso que agora se chaman os nenos tiranos, todos a mirar para eles, todo o universo aos seus pés... Cómpre logo, como se di agora, poñer límites e educar xente de bo corazón, así que vén de marabilla lembrar a vella sabedoría do libro dos proverbios: “Corrixo

o teu fillo mentres haxa esperanza”. E insiste... “Corrixo o teu fillo: servirache de acougo e daralle satisfaccións ao teu espírito”. E continúa insistindo... “Quen lle ten boa lei ao seu fillo dáse présa en corrixilo”.

Vaia, vaia... O que tal se aprende... Anímámosvos a lelos con ollos e orellas do noso tempo.

Aí vos deixamos a cavilar...



“Quen torce a ollada matina intrigas; quen remorde os labios xa fixo o mal”

## O fachineiro das homenaxes

### Aplausos e IVE



Confeso que son dos que non aplaude ás oito. E non porque as persoas ás que vai dirixido esta homenaxe non o merezan. Non che me vos chista nadiña igual que tampouco me gusta nin gota que a policía que anda con cara de ferreiro pola mañá cante Paquito el chocolatero pola tarde. Iso por non falar do esperpento de ir coas ambulancias do 061 a felicitar o aniversario de Amancio. Xa sei (canté que non soubese, como di Darío Xohán en fermoso poema) que quen estea libre de contradición que vai arrebolando o primeiro croio. Con todo, enérvame que moita da xente que aplaude ha de ser a que despois vota a quen privatiza os aplaudidos, ou a que chega a un negocio e pregunta se o pode levar sen IVE. Cando as patacas queiman, dicía Pepe Mújica nunha recente entrevista, todos lle piden ao Estado, incluídos os que ata onte á noite dicían que canto menos Estado, mellor. Este fachineiro leva toda a vida aplaudindo cos impostos -IBI incluído- e, sen facer ningún tipo de enxeñaría fiscal, nunca veu ningunha ambulancia felicitalo. E creo que reúno méritos abondos -igual ca ti- para tal agasallo. O das bandeiras de España con lazo negro déixoo para a próxima.